

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

*Nº92/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de setembro/ Estado de musealización do Faro de Ons*

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## ESPECIAL

"TORREÓN ATLÁNTICO"

MUSEALIZACIÓN DO FARO DE ONS



"OUTEADOR OCEÁNICO"

## FARO DE ONS, COMO MUSEO DOS FAROS, FAREIROS E NAUFRAXIOS

Redacción

As novas tecnoloxías e os avances en aparellos de navegación para as embarcacións de todo tipo, deron a entender que o prescindir dos Faros e dos Fareiros era xa unha realidade que se mascaba dende hai tempo.

Sen embargo, por desgraza, podemos comprobar que iso non é certo, e aínda que non como en outros tempos, os accidentes marítimos seguen ocorrendo, e a presenza humana e os antigos aparellos de axuda á navegación (os Faros) son imprescindibles para unha segura singradura a carón da costa.

Pero, para a administración, que todo o mira dende o punto de vista económico, prescindir deses homes, que fixeron posible unha navegación eficaz e protexida (os Fareiros), si é unha realidade, e a automatización destes Monumentos, a modo de Acrópolis Marítimas, é pura testemuña desta triste confirmación.

E, que pasará agora con estes Templos Litorais? Pregunta de difícil contestación. Aínda que, para os organismos encargados ata agora do seu funcionamento e mantemento, téñeno moi claro: **Privatizalos.**

Si, é unha saída segura e economicamente viable, e así podemos comprobar que, cos cartos de todos, danlle un pequeno arranxo e logo ofértanllo ao mellor licitador e por medio dunha concesión esquécese do seu mantemento.

E que alternativa se pode buscar para os Faros? Poderíamos teorizar moitísimo, pero debido a moitas circunstancias, dende a nosa modesta opinión, só atopamos dúas posibilidades factibles:

- Saída institucional, dedicándoos a uso cultural.
- Saída privada, destinándoos a uso hostaleiro ou de restauración.

Centrándonos no *Faro de Ons*, que nestes intres xa ten completado o proceso de automatización e os fareiros xa o abandonaron, estamos á espera de que o organismo que ten competencias: Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, decida que elección buscará para o seu futuro.

Como estamos comprobando a nivel galego, a opción máis sinxela, e para eles máis rendible, será a saída privada e, dentro dela, a hostaleira é a que leva as de gañar.

Aínda que si se tratara dun faro do continente, non poríamos atrancos a esa alternativa, pero estamos a falar dun Faro que se atopa nunha illa e, esa illa, é parte integrante do único Parque Nacional galego que como tal ten unha normativa propia e un nivel de protección máximo.

En Ons danse unhas circunstancias que provocan que a dedicación a uso hostaleiro do Faro non sería a máis idónea, pois dedicalo a esa ocupación traería unha serie de actuacións, tanto en interior como en exterior, que non se lles permite aos habitantes desta illa (*Ons é a única illa habitada do Parque Nacional*). O seu funcionamento estaría moi restrinxido polas circunstancias meteorolóxicas e do estado do mar. Non hai unha comunicación anual co continente. O peirao, durante máis de nove meses, non ofrece seguridade de atraque. A Illa queda case completamente baleira e sen servizos durante eses nove meses. A busca de persoal e o seu aloxamento e vida na illa, sería moi complicado. ... E un longo etc. E, si só vai funcionar no verán, podemos asegurar que hoxe en día e por mor da normativa do PRUX (*Plan Reitor de Uso e Xestión*) e debido que a oferta hostaleira e de restauración que ten Ons, é xa máis que suficiente para a cota de visitantes imposta pola administración, coidamos que a mellor saída é a **Musealización.**

É por iso que **SOLICITAMOS** ás administracións con competencias que o **Faro de Ons** teña unha dedicación **Institucional** e, como mellor idea, propoñemos que se dedique a **MUSEO** dos **FAROS**, dos **FAREIROS** e dos **NAUFRAXIOS** que acaeceron nas súas augas. Á vez tamén que un espazo se habilite como **BIBLIOTECA** especializada nas peculiaridades socio-histórico-etnográfico-naturais de Ons, e demais illas do Parque, e nas temáticas de faros, fareiros e naufraxios, así como un lugar, co material adecuado, para estudo, investigación e realización de eventos culturais.

## PASOS QUE FOMOS LEVANDO A CABO

Aínda que a medida que se ían automatizando os faros da costa galega, xa temos saído en prensa na defensa destes Templos Marítimos para que non quedaran abandonados e se lles buscara unha saída adecuada, xa neses primeiros intentos de axuda cara a eles, propoñiamos a súa dedicación como Museos de Bisbarra dedicados a temática mariña ou de historia da zona.

Faro da Illa de Sálvora



As nosas ideas non resultaron útiles para a administración, sería seguir co seu mantemento, que debe ser custoso, e a solución que se lles buscou foi a hostaleira ou de restauración, repetimos, non é mala idea aínda que podería ser mellorable.

Pero cando comezou a automatización do Faro de Sálvora, puxémonos en alerta. Sabiamos que máis cedo que tarde, Ons tamén sería automatizado, os fareiros pasarían a oficinas ou xubilaríanse e o Faro quedaría baleiro e sen saber que futuro tería.

Foi aí cando comezamos a matinar sobre o asunto á busca de alternativas que, no seu momento, poderíamos propoñer á administración. Tiñamos que buscar ideas novas e que encaixaran perfectamente nunha illa que é parte integrante dun Parque Nacional.

A idea que Parques buscou para o de Sálvora como “*Centro de Interpretación turística ao servizo da investigación científica*”, pode ser unha boa idea, pois esta illa carece de infraestrutura turística e só se permite a estancia diaria, así que ter un espazo onde os investigadores poidan traballar e estar instalados durante un tempo, é de recibo.

Sen embargo, Ons, ten un soporte turístico bastante completo, por iso a nosa reivindicación vai cara á dedicación do Faro como **Museo**, buscando unha dedicación diferente, escapando dos típicos museos do mar que hai pola costa galega, que visto un xa case podes dicir que viches todos, pois neles atopamos as mesmas nasas, os mesmos aparellos, os mesmos motores,..., de aí que pensamos no seu labor didáctico, dedicándoo a coñecer os Faros e o seu funcionamento, a descubrir a enigmática vida dos Fareiros e o seu traballo, dar a coñecer os Naufraxios que sucederon na contorna da illa e, posuír unha boa Biblioteca especializada na historia xeral das características de Ons cun lugar de estudo, investigación, formación e realización de eventos culturais.

Cando no verán de 2023, comprobamos que a automatización do Faro era unha realidade e que os últimos Fareiros, marchaban, non dubidamos un minuto en poñernos a traballar para reivindicar a Musealización do Faro.



A soidade do último fareiro polo peirao de Ons cara a un novo destino, e a despedida dos seus amigos

## PRIMEIRO PASO. NESTE MINIXORNAL “ONSTOPUS”

### A SOIDADE DO ÚLTIMO FAREIRO

Dende finais do século XIX está en funcionamento o Faro de Ons. Moitos foron os Fareiros que por el pasaron e podo asegurar que, a carón do seu labor como Técnicos de Sinais Marítimos, fixeron en Ons un enorme labor social, axudando aos veciños en todo o que necesitaran, dende mestres, a médicos, pasando, como especialistas que eran en electrónica, arranxarlles todo tipo de pequenos electrodomésticos e ata facer de árbitros nos partidos que se organizaban preto do Faro.

O día 1 de setembro, marchou o último Fareiro de Ons, todo está xa automatizado, pero só un pequeno grupo de veciños de adopción, foron a despedilo. Espero que o próximo ano, os veciños se acorden deles á hora de homenaxear a quen deu moito pola Illa.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/73/onstopus-73.pdf>

No seu número 73 de setembro de 2023, demos a coñecer a noticia da despedida do último Fareiro de Ons, aínda que, durante todo o ano, estiveron achegándose á illa para supervisión das instalacións.

Coidamos que esa despedida foi moi reducida tendo en

conta o labor que os fareiros, a través de máis dun século e medio de estancia en Ons, realizaron a prol da illa e, sobre todo, dos aunienses.

De aí o motivo da insistencia, en diferentes Onstopus, de que os veciños lle dedicaran unha homenaxe o día das Festas de San Xaquín.

Este verán, por diferentes circunstancias alleas aos veciños, non se puido realizar, esperemos que para o verán que vén se leve a

cabo e poidamos recibir a boa nova de que as instalacións do Faro van dedicarse a actividades culturais e museo.

## SEGUNDO PASO. PINEIRÓNS E REVISTA AUNIOS

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/29/19-Faro-Asociacion.pdf>

No mes de setembro de 2023, aproveitando as reunións que os membros da asociación, que levan o tema das actividades, teñen para poñer a andar a revista Aunios, decidiron estudar como poder reivindicar o futuro do Faro de Ons como espazo dedicado á cultura.

Aínda que acababa de producirse a automatización e o desprazamento dos fareiros, coidaron que era o momento de actuar e comezar a petición. Despois de estudado o asunto, acordaron iniciar cun artigo en AUNIOS, que ten unha importante difusión, onde explicar a súa suxestión e, como fan sempre, facilitar unha primeira alternativa expoñendo os posibles pasos a seguir para que a iniciativa proposta tivera un sentido lóxico.



E así foi, sen ser especialistas, cada un aportou as súas ideas e despois de consensuadas e sendo conscientes que a administración pode melloralas dispoñendo dun equipo multidisciplinar especializado, técnico e científico, realizaron o artigo (*arriba o seu enlace en PDF*) que, polas felicitacións recibidas ao ser unha suxestión adecuada ao entorno, diferente e feita con moito sentimento cara á Illa de Ons, a súa cultura e co fin único de aproveitar ese Monumento Pétreo para unha finalidade cultural, PROPUXERON como mellor opción para o futuro do Faro de Ons, que se converta nun Espazo Cultural, coas súas dependencias divididas en seccións que poden albergar diferentes exposicións dedicadas aos Faros (*en especial ao de Ons*), aos Fareiros, e aos Naufraxios, sen esquecer unhas salas dedicadas a Biblioteca e Investigación.

A revista nº 29 de AUNIOS, co artigo sobre os Faros, sae publicada no mes de Abril de 2024 e é enviada, como sempre, a todos os organismos que teñen que ver coa Illa de Ons.

### TERCEIRO PASO. Tino Pardellas (Tinón) e a revista Os Galos



Celestino Pardellas de Blas, dende hai uns anos, é colaborador da revista de divulgación sobre cultura marítima e fluvial “Os Galos”, que edita a Asociación do mesmo nome e radicada en Bueu, municipio ao que pertence Ons.

Para o artigo deste ano (*Os Galos. Nº 18. 2024*) elixiu o mesmo tema que a redacción de Pineiróns en Aunios: “*O Faro de Ons. Un monumento cultural nunha importante acrópole*”, onde expoñía a mesma reivindicación para este faro, dedicando un espazo interesante aos Naufraxios acacidos en Ons e a súa posible utilización didáctico-cultural e museística.

Despois da súa publicación no mes de xullo, enviouna vía e-mail a todos os lectores de Onstopus, incluídos, os organismos oficiais que teñen que ver coa Illa de Ons.

### ANEXO II. Artigo completo. Páxs dende a 17 á 21

### CUARTO PASO. AS ASOCIACIÓNS OS GALOS, LIBOREIRO E ANDUXÍA

#### FARO DE VIGO, MORRAZO, 28 DE XUÑO DE 2024

**Los portavoces se reúnen para definir la propuesta de convertir en museo el faro de Ons**  
**REDACCIÓN**

**Bueu 28 JUN 2024 6:01**

La junta de portavoces del Concello de Bueu se reunirá esta tarde, a partir de las 19 horas, para consensuar dos asuntos a fin de llevarlos de forma conjunta al pleno. El primero de ellos es la musealización del faro de Ons, una propuesta presentada por la Asociación Ecoloxista Anduxía, la Asociación Micolóxica de Bueu Liboreiro y la Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos. Los tres colectivos pretenden darle un uso público a la instalación, convirtiéndolo en un museo de los faros, aprovechando su automatización.

Tres asociacións de Bueu, tamén saen ao paso para reivindicar un uso museístico do Faro de Ons e evitar que pase a mans privadas e que siga como un ben patrimonial para uso de todos os cidadáns.

***Escrito enviado no mes de xuño de 2024 polas Asociacións de Bueu:  
Anduxía, Os Galos e Liboreiro,  
á Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, solicitando que  
o Faro de Ons se converta nun Museo.***

**Att:** Autoridade Portuaria de Marín

**Asunto:** Musealización do Faro de Ons

A Asociación Ecoloxista de Bueu Anduxía, a Asociación de amigos das embarcacións tradicionais de Bueu Os Galos e a Asociación micolóxica naturalista de Bueu Liboreiro,

**EXPOÑEN:**

Temos coñecemento pola prensa de que o Faro de Ons xa está automatizado dende o ano pasado e que o a día de hoxe a presenza dos fareiros nas instalacións xa é discontinua.

É algo que hai que lamentar dende o punto de vista cultural e histórico xa que os fareiros forman parte do patrimonio cultural da Illa de Ons; tanto pola súa labor de conservación do actual edificio como pola participación o longo da historia na vida cotiá da illa, entre outras cousas exerceron como profesores en determinada épocas da historia da illa.

Ademais, o Faro de Ons e os fareiros, xogaron e xogan un papel importantísimo na historia marítima da ría de Pontevedra e das Rías Baixas en xeral. Testemuñas de numerosos naufraxios e parte moi activa na mellora da seguridade marítima da zona.

O propio edificio é un museo en si mesmo xa que conserva moitos elementos orixinais da súa inauguración en 1926; como as baldosas de cerámica da “Cartuja” que recubren as paredes ou os teitos decorados con madeira de cedro. Ademais conta xa cunha importante sala museo con elementos de gran relevancia histórica e náutica, como por exemplo a lámpada Chance con capillos de 85 mm que foi a primeira en iluminar o faro e que índa funciona.

A súa ubicación tamén é idónea para a visita xa que ademais de ter un fácil acceso é un miradoiro único sobre as rías baixas dende o mar. Desde alí podemos ver as rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, coa illa de Sálvora o norte e o arquipélago de Cíes o sur. De feito, unha das rutas máis frecuentadas é mais bonitas que fan os visitantes a illa no verán é a propia ruta Faro pola súa beleza paisaxística e panorámica. Inda que a día de hoxe lamentablemente non se pode visitar o propio faro, agás con visitas concertadas.

A súa amplitude permitiría habilitar outras zonas para uso museístico para as cales non han de faltar contidos dada a historia marítima da zona e o privilexiado do lugar; os naufraxios na contorna de Ons (ou nas rías baixas), os fareiros nas illas, historia da sinalización marítima, etc. Tamén se pode dotar de contidos sobre o Parque Nacional das Illas Atlánticas (fauna, flora, etnografía, etc) do cal é un referente patrimonial.

Desperta un gran interese entre o visitantes das illas atlánticas polo que sería un lugar moi visitado. Lembramos que a illa de Ons recibe máis de 130.000 visitantes o ano e forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Polo que non lle faltarían visitantes o museo.

E sabido que cada vez que se automatiza un faro comeza o declive do edificio en si, xa que o feito non estar habitado e carecer dun uso concreto fai que se vaian deteriorando este tipo de instalacións. Noutros casos, rematan tendo un uso privado converténdose en restaurantes ou hoteis.

Entendemos por todo isto que o faro de Ons debería ter **un uso público e converterse nun museo dos faros**, ven a nivel das Rías Baixas ou a nivel galego.

**SOLICITAN:**

Que o faro de Ons **se converta nun museo de faros**.

## FARO DE VIGO, MORRAZO, 3 DE XULLO DE 2024

### El pleno de Bueu cierra filas para la musealización del faro de Ons

Bueu 03 JUL 2024

El pleno de Bueu refrendó en su sesión de julio su apoyo unánime a dos iniciativas vecinales:..... y para la musealización del faro de la isla de Ons.

El pleno de esta semana también abordó la petición formulada por los colectivos Anduxía, Os Galos y Liboreiro para la musealización del faro de la isla de Ons. En su nombre intervino Jesús Framil, de Anduxía, que defendió que se trata de un “bien patrimonial y de una gran riqueza cultural que conviene preservar”. Por ello argumenta que “ante el riesgo de que se dedique a un uso privado creemos que nos debemos anticipar pues es necesario que sea un sitio público y un referente de nuestra historia náutica”. El faro de la isla de Ons, en Cucorno, está automatizado desde el año pasado tras una inversión de más de 200.000 euros por parte de la Autoridad Portuaria de Marín-Ría de Pontevedra. La moción contó con el voto a favor de todos los grupos políticos de la corporación.

Interesante que os Grupos Políticos de Bueu, por maioría, tamén apoien un uso cultural para o Faro de Ons. (**ANEXO I, Páxs 14,15,16 Sobre a Moción no Pleno de Bueu**)

### QUINTO PASO. AS ASOCIACIÓNS DE BUEU E DE ONS PIDEN SINATURAS DE APOIO PARA A MUSEALIZACIÓN DO FARO.

As asociacións de Bueu (*Anduxía, Liboreiro e Os Galos*) pónense en contacto coa de Ons (*PineirÓns*) para realizar un escrito conxunto e que este sexa asinado por todas as persoas que apoian a musealización do Faro de Ons. Así era o texto:

*“Os abaixo asinantes solicitamos que o faro de Ons se converta nun museo de faros, para poñer en valor todos os elementos conservados polos fareiros e conservar o patrimonio cultural dun enclave único. Rexeitamos calquera conversión do mesmo nun edificio de explotación privada como un hotel ou similar”.*

### SEXTO PASO. APOIO DA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE ONS



Dende a asociación veciñal de Ons, e coñecendo a problemática do Faro, tamén apoian a iniciativa da súa conversión en Museo, e así o fan saber o día da Festa de San Xaquín na Homenaxe que fixeron aos veciños, que xa non están entre nós, no cemiterio de Canexol.

Están por encamiñar esa reivindicación, a través do concello de Bueu, para levala ao Parlamento galego.



# SEPTIMO PASO. PINEIRÓNS ENVÍA UN ESCRITO Á AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA, XUNTO COS DOUS ARTIGOS SAÍDOS NAS REVISTAS CULTURAI: AUNIOS E OS GALOS



## ASOCIACIÓN CULTURAL **Pineiróns**

Apartado de Correos 51 / 36980/ O Grove-Pontevedra

Teléfono: 649424950 // e-mail:

[tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

### AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA

Celestino Pardellas de Blas, maior de idade, con D.N.I. nº: 35.254.249X, con domicilio a efectos de notificación no Apartado de Correos 51, 36980, de O Grove. Presidente, coordinador de actividades e representante da Asociación Cultural "Pineiróns", quere

#### EXPOÑER:

Informarles que somos unha asociación sen fin de lucro, que traballamos desinteresadamente a prol da cultura, que todas as actividades que realizamos son gratuítas e que nacemos como asociación co fin e obxectivo principal de dar a coñecer as importantes peculiaridades socio-histórico-etnográfico-naturais da Illa de Ons, que estaban sen investigar, para que sabendo delas e coñecéndooas, persoas cualificadas e dun xeito técnico e científico as estuden e investiguen para que non se perdan co tempo, e dándoas a coñecer dun xeito especializado, se conserven e se protexan como un legado único que nos deixou unha Comunidade, que polas súas características históricas e polo seu illamento tanto xeográfico como institucional durante máis de dous séculos, formou unha Cultura Popular única e das máis importantes de Galicia.

Nestes intreos, Ons, forma parte do único Parque Nacional de Galicia e, a carón da súa importancia natural, é un dos poucos Parques que conta cunhas peculiaridades socio-histórico-etnográficas interesantísimas. Co fin de que esta illa, e as demais do Parque, teñan unha actividade cultural acorde coa súa protección, coídamos que se deben de utilizar, a prol deste obxectivo, todos os medios de que se dispoñan.

Ons xa conta cun Centro de Visitantes, ben dotado de material e que está en proceso de crecemento, pero aínda así hai necesidade de ampliación da oferta didáctico-cultural para que as persoas que visiten esta illa, aparte de gozar da súa fauna e flora, teñan uns espazos suficientes e ben equipados para que a súa visita ou estancia sexa aproveitada dun xeito activo e que debería ser un obxectivo prioritario dos responsables da xestión do Parque e da Xunta de Galicia.

Actualmente, estamos vendo como a tecnoloxía fixo que elementos e edificios tan importantes como os **Faros** se estean automatizando, facendo desaparecer a figura do **Fareiro** e pechando esas instalacións-vivendas que, a carón de cumprir cunha importantísima función, forman parte da paisaxe marítima e son un atractivo para a poboación.

Por mor desa sedución que transmiten os Faros e, sobre todo polo custo do seu mantemento, os responsables do seu uso están buscando solucións para o seu futuro.

Estamos comprobando como, polo xeral, despois dun gasto de reparación ou rehabilitación, que sae dos petos dos contribuíntes, déixano en mans privadas, por medio de concesión, para a súa explotación e "futuro mantemento" e están dedicándose a usos hostaleiros e de restauración, que non imos a dicir que se xa un emprego incorrecto, considerámolo o menos malo dos que se lle podería buscar, pero coídamos que habería que estudar cada caso en particular e se lles busque a eses Monumentos Pétreos, que son os Faros, unha dedicación adecuada ao lugar onde están radicados.

No caso en concreto do **Faro da Illa de Ons** e tendo en conta que:

- Este arquipélago pertence a un Parque Nacional e que posúe unhas peculiaridades, como dixemos, socio-histórico-etnográfico-naturais únicas e moi significativas.
- E que a infraestrutura hostaleira e de restauración que posúe Ons, por mor da cota de visitantes imposta no PRUX (Plan de Uso e Xestión do Parque), é a suficiente.

Que coídamos que o seu mellor uso futuro sería que o Parque Nacional, as Consellerías de Medio Ambiente e Cultura-Turismo, Portos, a Dirección Xeral de Xuventude, a Deputación,...., e o concello de Bueu, a quen pertence Ons, formen un equipo multidisciplinar e técnico e, despois dun estudo exhaustivo, convertan ao Faro de Ons nun **MUSEO** dos **Faros**, dos **Fareiros** e dos **Naufraixios** da zona, contando á súa vez, cunha **Biblioteca** sobre Ons, as demais illas do Parque, e con material sobre os Faros, Fareiros e Naufraixios acaecidos nas súas proximidades, cun espazo de estudo e traballo.

É polo explicado que

#### SOLICITAMOS:

Lean os artigos que publicados nas revistas culturais: **AUNIOS e GALOS** neste ano 2024, onde membros de Pineiróns e un recopilador-investigador de datos sobre Ons durante 50 anos e a modo de suxestión e primeira alternativa, dan sobre a utilización futura dese Faro como Museo.

Queremos deixar claro, que tanto Pineiróns como Tino Pardellas, non só reivindicamos unha posible opción de uso destas instalacións, senón que ao seu carón dan unha idea de alternativa ben explicada que, loxicamente, os especialistas e técnicos poderán mellorar.

Quedando á espera de que nos dean a súa opinión sobre esta alternativa proposta e, á vez, expliquen á poboación a súa idea de futuro para o Faro de Ons, reciban un saúdo cordial no nome de todos aqueles que apoian a idea de MUSEO para este Faro insular.

Illa de Ons a 19 de agosto de 2024

Asdo: Tino Pardellas de Blas

Nota: Este escrito vai acompañado dos artigos adxuntos sobre o Faro saídos en Aunios e Os Galos.



**OITAVO PASO. PÓÑENSE EN CONTACTO COS AMIGOS, LECTORES E COLABORADORES DE ONSTOPUS E AUNIOS, PARA SOLICITAR O APOIO PARA A MUSEALIZACIÓN DO FARO DE ONS. 23/08/2024**

*“Prezados amigos, colaboradores e lectores de Onstopus*

*Como xa sabedes, o Faro de Ons automatizouse, e por mor desa circunstancia, desapareceron os Fareiros, e o Faro quedou sen persoal, podemos dicir que, perigosamente pechado.*

*Esta circunstancia non é nova, no que respecta aos Faros da costa galega. Nun paseo por eles, podemos comprobar o seu estado, en moitos dos casos, de abandono e, no mellor dos acontecementos, dedicados a temática de hostalería ou restauración, que é unha alternativa que buscan dende as Autoridades Portuarias, pensando que así, e con prezos desproporcionados, solucionarán o tema do seu mantemento futuro.*

*Non imos a entrar na polémica sobre esas medidas tomadas e as súas consecuencias, pero coidamos que o Faro de Ons, por atoparse nunha illa pertencente a un Parque Nacional. Que Ons, coidamos, ten xa unha infraestrutura hostaleira e de restauración suficiente para a cota asignada no PRUX (Plan Reitor de Uso e Xestión),... E polas súas características socio-histórico-etnográfico-naturais unidas á necesidade de crear Actividades para os veciños e visitantes que a queren coñecer en profundidade, pensamos que a alternativa máis axeitada para este Faro é a de Museo (particularmente PineirÓns aposta pola diferenciación doutros museos e facela sobre os Faros, Fareiros e Naufraxios da zona) e cunha boa Biblioteca, cun espazo de estudo e investigación sobre esta histórica illa e as demais do Parque Nacional.*



*Debido a que Onstopus, chega a unha boa cantidade de persoas e organismos, sería unha magnífica idea que todos aqueles que pensades que esta ALTERNATIVA de MUSEO para o Faro de Ons, é boa, enviades unhas letras de APOIO para publicar nos seguintes Onstopus. Despois, eu comprométome, a carón*

*de publicalas neste minixornal dixital, a facelas chegar aos Organismos correspondentes.*

*Como fago co Salgadoiro de Suxestións, aqueles que manden unha nota de apoio e queren que saia o seu nome, poreino; senón, porei <Un Lector>, aínda que gardarei o envío para o caso de que, nun momento dado, alguén dubide da autenticidade desas letras.*

*A espera das vosas Suxestións, recibir un saúdo cordial.”*

Temos que dicir que recibimos, tanto en Onstopus como en PineirÓns, un bo número de **APOIOS** que podemos clasificar dos seguintes xeitos: Uns persoais que queren que o seu nome conste. Outros de colectivos, que representan a todos os asociados. E outros particulares apoiando a musealización, pero sen texto engadido.

Aquí poremos os máis representativos, aínda que todos son importantes. Comentar que temos gardados eses emails e whatsapp.

No seu momento, serán engadidos aos escritos que enviemos ás administracións competentes.

## NOVENO PASO. ALAGÚNS DOS APOIOS RECIBIDOS, CON TEXTO, DENDE O 24 DE AGOSTO DE 2024

### **Agustín Beltrán Rodríguez**

Concordo totalmente coa iniciativa de MUSEALIZAR o Faro de Ons. Paréceme unha excelente idea para manter viva unha Tradición que aproveita a oportunidade de ofrecer a visitantes e amantes da Historia e a Cultura un aliciente valioso para manter o seu interese.

*Agustín Beltrán Rodríguez*

### **Xulio Pardellas de Blas**

Aló polo verán do 1975, o IRYDA (daquela a institución de que dependía a illa de Ons), encargounos a un grupo de licenciados en economía e bioloxía, un estudo sobre a illa, dado que curiosamente apenas había moitos datos sobre as súas características e o modo de vida dos seus habitantes. Ao longo do mes de xullo estivemos alí, analizando as especies de flora e fauna e convivindo cos residentes, mesmo saíndo cos pescadores de noite a botar as nasas, para coñecer de primeira man as tipoloxías de pesca e máis a economía das familias.

En todo caso, un dos recordos que gardo con máis agarimo foi o trato cos fareiros (que por certo, tiñan un 600, o único coche que andaba pola illa). Visitamos o faro varias veces e puidemos constatar o seu valor arquitectónico, os aparatos e instrumentos que conservaba desde os seus inicios e sobre todo, a súa importancia para a seguridade da navegación.

Neste momento en que algúns están desaparecendo e outros están xa por completo automatizados, a historia do *faro de Ons* debería ser explicada e coñecida por todos e en especial polas novas xeracións de rapaces que acoden cada verán á illa. E que mellor forma de conseguilo que *musealizar o faro*, coa súa historia e con tódolos trebellos que se utilizaron dende que foi construído e comezou a funcionar.

Xulio X. Pardellas

### **Jacobo Fernández**

Ben querido Tino

E unha fermosa idea que se debe levar a cabo.

Os usos que ti mesmo desenvolveste parécenme moi adecuados pero quería suxerirche algún mais,:

- + aula expositiva ca flora das illas do Parque
- + exposición da flora e fauna mariña do Parque.
- + exposición da evolución das embarcacións a vela.

Coido que o faro e o mellor lugar para ter unha unidade estacional de observación e interpretación celeste.

Crear un planisferio.

Ademais, para poderse financiar pódese crear un lugar de coworking, onde o cidadán aluga un posto de traballo con Internet.

Jacobo Fernández

### **Juan Castiñeira**

Xoan Castiñeira, non só apoia iniciativa de facer do faro o museo das Illas Atlánticas, senón que exige que se aplique no ano presupuestario 2024-25 e que represente de forma clara, a historia da illa de Ons e o devalar da forma de vida, e cultura popular dos nosos antergos que habitaron e viviron neste lugar do planeta. E que sexan eles quen interpreten e decidan que obxectos, textos, material gráfico, audiovisual, etc. teñan que ser expostos ao coñecemento de quen o visite. E ademais que sexan os descendentes directos deles quen rexenten este fundamental museo.

Juan Castiñeira.  
Mariño, micólogo e cocineiro.

### **Paco Pita**

Comparto a vosa inquedanza e subscribo e apoio a alternativa como **Museo para o Faro de Ons** e dotalo cunha boa Biblioteca, cun espazo de estudo e investigación sobre esta histórica illa e as demais do Parque Nacional.

Saúdos

Paco Pita



Casa agrícola de Canexol, despois convertida en Casa de Mestres e Reitoral. Nela viviu e impartiu clase M<sup>a</sup> Dolores Sabarís Abal.

### **Emilio Blanco Sabarís**

Soy Emilio Blanco Sabarís, isleño, e hijo de María Dolores Sabarís Abal, que fue maestra en Ons durante algo más de diez años.

Colaboré modestamente con un pequeño texto titulado “*Relato dun neno insular*” en la revista AUNIOS núm. 28.

La idea de convertir el Faro de la isla en un museo me parece muy buena, tienes mi apoyo y mi firma para que la uses como creas.

Como curiosidad, recuerdo que mi padre, Emilio Blanco González, fue farero alrededor del año 67 o 68, aunque creo que no por mucho tiempo al encontrar trabajo en Massò.

### **Xerardo Desairas Valsa**

Xerardo Dasairas Valsa, profesor, historiador e etnógrafo quere sumarse ao apoio para a ubicación do Museo no Faro de Ons.

### **Asoc. Vecinos y Amigos de las Islas de Ons**

Bos días nos parece unha idea boísima, pero penso que podíamos ir mais alá .

Que vos parece si facemos unha petición conxunta de varias agrupacións e asociacións a un pleno do Concello para que o leven o Parlamento ?

Nós estamos a favor de todo o que sexa preservar ONS .

Para todo o que decidades, contade con nós, esta semana tentaremos sacar unha nota de prensa

Gracias

### **Fernando Alonso Romero**

Prezado Tino:

Te he escrito una carta de apoyo a tu propuesta sobre la necesidad de crear un Museo de Faros, Fareros y Naufragios. Repito su texto pues debido a un problema en mi ordenador es posible que no la hayas recibido.

Muchas gracias por el envío de la revista Onstopus.

En España la primera relación de naufragios la hizo la Dirección de Hidrografía en el año 1866. A finales del siglo XIX Concepción Arenal, la ilustre filántropa ferrolana realizó un enorme esfuerzo por sacar adelante la "Sociedad Española de Salvamento de Náufragos", a la que muchos miles de náufragos debieron la vida. En el año 1888 existían estaciones de Salvamento de Náufragos en los puertos de Ribadeo, Ferrol, Coruña, Corrubedo, Villagarcía, Cambados y Vigo; que fueron creados a imitación de la Sociedad de Salvamento británica, conocida con el nombre de "Royal National Lifeboat Institution" fundada en el año 1824. La historia de todo ese generoso voluntariado gallego de salvamento de náufragos apenas es conocida por los miles de turistas que visitan las islas gallegas; como tampoco lo es la historia de los fareros y de los numerosos naufragios que a lo largo de los siglos se produjeron en las costas gallegas. Por todo ello, es de esperar que la propuesta de crear en el faro de la isla de Ons un "Museo de Faros, Fareros y Naufragios" las autoridades competentes la consideren una necesidad prioritaria, pues ayudará a difundir la historia marítima de Galicia entre la población visitante, y al reconocimiento internacional de ese Museo de Faros, que iluminará con su luz un mundo digno de conocerse y de investigarse y parte también de la historia marítima europea.

Fernando Alonso

*É Catedrático de Historia e cultura dos países de fala inglesa na facultade de Filoloxía da USC. En 1977 creou a Sala do Mar do Museo do Pobo Galego.*

### **Juana Covelo**

Buenos días. Desde el año 2000 llevamos visitando la Isla como mínimo un par de veces al año y el FARO en unas cuantas ocasiones, maravilloso, se queda grabado en la retina para siempre.

Apoyamos total y absolutamente la idea de convertir el FARO DE ONS en MUSEO por ser un bien muy hermoso y preciado al que no hay que echarle la llave y olvidarlo mientras el abandono y el paso del tiempo lo van deteriorando, y dedicarlo a hostelería/restauración sería una auténtica aberración, teniendo en cuenta que estas necesidades están de sobra cubiertas en la isla.

No se nos debe negar el conocimiento de nuestra historia, y mucho menos a las futuras generaciones.

Por ello, pedimos a los Organismos correspondientes el apoyo para que este proyecto llegue a buen puerto. Si quieren pueden.

Un saludo



## Xosé Fuentes

Na noite, o faro de Ons, co seu ollar largacío, alumea o camiño seguro aos navegantes. A casa do Faro, cómprelle unha función elevada: Ser o berce da historia no decorrer do tempo dos seus habitantes.

*CASA MUSEO!!!* Nada máis acaído para a nova vida do lugar.

Xosé Fuentes

## Irmandade ILLA De TAMBO



### Apoiamos a Pineiróns.

A Asociación Irmandade Illa de Tambo quere apoiar publicamente a iniciativa da Asociación Pineiróns para que o Faro de Ons poida ser Museo dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraxios.

As illas agochan moita da historia marítima e da contorna, e aquelas as que teñen acceso os/as visitantes, está moi ben que se desfrute do bo tempo, do sol, das praias, e saborear os nosos produtos, pero tamén é necesaria esa dose do noso patrimonio, da cultura, da memoria, de poñer en valor a nosa historia co paso do tempo, e os faros foron e son testemuñas de moitos feitos que compre coñecer.

Parabéns a Pineiróns por esa iniciativa e que non caia en saco roto. Agardemos porque as persoas que teñen nas súas mans o tomar decisións teñan a sensibilidade necesaria para facer realidade esa proposta.

## Buenaventura Aparicio Casado

### ***O FARO DE ONS. A MEMORIA QUE NON DEBE PERDERSE***

A historia dos faros é un relato apaixonante de personaxes –os fareiros- e de sucesos, ás veces trágicos, nunha atmosfera de soles radiantes, brétemas, calmas e bruar do vento. Iso que denominamos progreso levouse por diante o oficio de fareiro. Pero os faros persisten, centinelas en pé –altivos, desafiantes, misteriosos-, memoria dun tempo ido e doutro aínda por vir.

A unha illa como Ons, integrante dun Parque Nacional, cun atractivo natural indubidable, hai que enriquecela con outros compoñentes que fagan máis amena e interesante a súa visita.

Gastronomicamente está ben dotada. Nesta faceta toda Galicia é un paraíso. Noutras podemos e debemos melloralala.

A proposta de Pineiróns de instalar no faro un museo dedicado a estes elementos, aos fareiros e aos sucesos acontecidos nas súas augas, é atractiva e intelixente. Xustifica, enche e dá sentido a unha xornada na illa. Baño, comida, paseo e, como remate, unha actividade sosegada e tranquila: unha visita ao faro, a un museo interesante que satisfaga a nosa curiosidade e faga voar a imaxinación.

A illa de Ons o ten case que todo. Un Museo sería a guinda que enriquecería un lugar moi especial. Ningún destino mellor para honrar ao vello faro.

Buenaventura Aparicio Casado

(Doutor en Historia, antropólogo, socio honorífico da Sociedade Antropolóxica Galega)

# Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial. Manuel Lara Coira.

## Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial

Lugar de A Revolta, Eirapedriña, 96  
15895 Bugallido, Ames  
Coruña, Galicia, España  
C.I.F. G 70 179 122

T. 981 891 405  
M. 670 063 279  
E. asociacionbuxa@asociacionbuxa.com  
URL: <https://www.asociacionbuxa.com>



Manuel Lara Coira, con D.N.I. 32 595 834 G e domicilio e localizadores a efectos de notificación que figuran no encabezado, na miña calidade de presidente da asociación denominada **Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial**, constituída ao amparo da Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e inscrita co número 2008/012230-1 (SC) no Rexistro Central de Asociacións de Galicia,

### EXPOÑO:

Que coa progresiva automatización dos sinais marítimos de axuda á navegación, as centenarias e singulares edificacións costeiras que coñecemos como faros foron deixando de seren atendidas e coidadas polas persoas que neles habitaban, co risco certo do deterioro que adoito vai asociado ao abandono das construcións que perderon o seu uso tradicional.

Que a conversión das dependencias non técnicas do faro da illa de Ons en espazos vinculados ao estudo e coñecemento da vida no mar e da súa historia dende a perspectiva dos faros e das súas circunstancias axudaría a súa conservación como elemento singular e diferenciado no conxunto do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Que polo antedito é polo que

### MANIFESTO:

O apoio da asociación que represento á proposta da Asociación Cultural PineirÓns para a conservación, aproveitamento e valorización do Faro da Illa de Ons como referencia socio cultural da historia das illas atlánticas galegas.

E para que así conste onde puidera conviñer e aos efectos oportunos, asino o presente documento, en Eirapedriña, a 24 de agosto do ano 2024.

O presidente:

32595834G Firmado digitalmente  
por 32595834G MANUEL  
MANUEL LARA LARA (R: G70179122)  
(R: G70179122) Fecha: 2024.08.24  
15:09:39 +02'00'

Manuel Lara Coira

**BUXA, ASOCIACIÓN GALEGA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL** é unha **asociación sen ánimo de lucro** inscrita co número 2008/012230-1 (SC) no Rexistro Central de Asociacións de Galicia. **Declarada de utilidade pública** por Orde do 20 de decembro do 2013 (D.O.G. núm. 1, de 02/01/2014).

# ANEXO I. *Moción conxunta dos GPM do BNG, PP e PSOE do concello de Bueu para a Musealización do Faro de Ons. Páx. 14-15-16*



Concello de Bueu

RF: PLN/2024/9-(SESIÓN ORDINARIA MES XULLO 2024)

## **VOTACIÓN E ACORDO:**

Logo do anterior, o pleno da corporación municipal, pola unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto dos cales son 08 do GPM do BNG, 07 votos do GPM do PP e, 01 do GPM do PSdeG-PSOE, acorda aprobar a moción conxunta dos GPM do BNG, PP e PSdeG-PSOE para a dotación de berarrúas entre a R/ Nova e A Roza e o apoio ás demandas da veciñanza, asinada o 01.07.2024 (2024-E-RPLN-28), nos seguintes termos:

1. Apoiar as demandas da veciñanza de A Roza sobre a dotación de beirarrúas do vial entre A Rúa Nova e A Roza, concretamente cumprir co acordo plenario do 07.10.2009 no que se di textualmente "solicitar á Deputación Provincial a redacción de proxecto técnico das Obras de Urbanización do vial Rúa Nova - A Roza, necesarias para acadar unhas condicións de uso máis adecuadas do devandito vial, moi utilizado polos veciños de Beluso, tanto a nivel peonil como de tráfico rodado".
2. Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a que modifique o proxecto e conste a dotación de beirarrúas.
3. Dar traslado á Deputación Provincial de Pontevedra deste acordo plenario.

## **A.2.- FORA DA ORDE DO DÍA. Moción conxunta dos GPM do BNG, PP e PSdeG-PSOE para a musealización do faro de Ons.**

Xustificada a urxencia pola presidencia no mantemento do carácter público da infraestrutura como é o faro das Illas Ons, diante doutras decisións que se están a tomar en faros doutras illas unha vez automatizados estes, polo valor cultural e etnográfico desta instalación tanto do continente, o edificio en si coma do contido que alberga, unha sala con aparellos náuticos e de navegación, polo que entende necesario que a corporación se pronuncie ao respecto, con carácter previo a ser tratado, pola presidencia se somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a ratificación da súa inclusión na orde do día da presente sesión, **nos termos esixidos no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/86**, sendo **aprobada a súa inclusión pola unanimidade dos concelleiros presentes**.

A continuación pola presidencia dáse conta da moción conxunta dos GPM do BNG, PP e PSdeG-PSOE para a musealización do faro de Ons, asinada o 01.07.2024 (2024-E-RPLN-28), que de xeito literal di:

### **"MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS BNG,PSdeG-PSOE E PP PARA A MUSEALIZACIÓN DO FARO DE ONS**

Os voceiros/as dos grupos BNG, PSdeG-PSOE e PP acordan levar ao pleno a seguinte moción conxunta sobre a musealización do faro de Ons.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Asociación Ecoloxista de Bueu Anduxía, a Asociación de amigos das embarcacións tradicionais de Bueu Os Galos e a Asociación micolóxica naturalista de Bueu Liboreiro,

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.

ACTA DO PLENO  
Número: 2024-0009 Data: 19/08/2024

Cod. Validación: 7EYNZ4QR573X4M7LKSHDRKSRZ  
Conexión: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 32





## Concello de Bueu

RF: PLN/2024/9-(SESIÓN ORDINARIA MES XULLO 2024)

tiveron coñecemento pola prensa de que o Faro de Ons xa está automatizado dende o ano pasado e que o a día de hoxe a presenza dos fareiros nas instalacións xa é discontinua.

É algo que hai que lamentar dende o punto de vista cultural e histórico xa que os fareiros forman parte do patrimonio cultural da Illa de Ons; tanto pola súa labor de conservación do actual edificio como pola participación o longo da historia na vida cotiá da illa, xa que entre outras cousas exerceron como profesores en determinadas épocas da historia da illa.

Ademais, o Faro de Ons e os fareiros, xogaron e xogan un papel importantísimo na historia marítima da ría de Pontevedra e das Rías Baixas en xeral. Testemuñas de numerosos naufraxios e parte moi activa na mellora da seguridade marítima da zona.

O propio edificio é un museo en si mesmo xa que conserva moitos elementos orixinais da súa inauguración en 1926; como as baldosas de cerámica da "Cartuja" que recubren as paredes ou os teitos decorados con madeira de cedro. Ademais conta xa cunha importante sala museo con elementos de gran relevancia histórica e náutica, como por exemplo a lámpada Chance con capillos de 85 mm que foi a primeira en iluminar o faro e que aínda funciona.

A súa ubicación tamén é idónea para a visita xa que ademais de ter un fácil acceso é un miradoiro único sobre as Rías Baixas dende o mar. Desde alí podemos ver as rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, coa illa de Sálvora ao norte e o arquipélago de Cíes ao sur. De feito, unha das rutas máis frecuentadas é máis bonitas que fan os visitantes á illa no verán é a propia ruta Faro pola súa beleza paisaxística e panorámica, aínda que a día de hoxe lamentablemente non se pode visitar o propio faro, agás con visitas concertadas.

A súa amplitude permitiría habilitar outras zonas para uso museístico para as cales non han de faltar contidos dada a historia marítima da zona e o privilexiado do lugar; os naufraxios na contorna de Ons (ou nas rías baixas), os fareiros nas illas, historia da sinalización marítima, etc. Tamén se pode dotar de contidos sobre o Parque Nacional das Illas Atlánticas (fauna, flora, etnografía, etc) do cal é un referente patrimonial. Esperta un gran interese entre o visitantes das illas atlánticas polo que sería un lugar moi visitado. Lembramos que a illa de Ons recibe máis de 130.000 visitantes o ano e forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Polo que non lle faltarían visitantes o museo.

É sabido que cada vez que se automatiza un faro comeza o declive do edificio en si, xa que o feito non estar habitado e carecer dun uso concreto fai que se vaian deteriorando este tipo de instalacións. Noutros casos, rematan tendo un uso privado converténdose en restaurantes ou hoteis.

Entendemos por todo isto que o faro de Ons debería ter un uso público e converterse nun museo dos faros, ven a nivel das Rías Baixas ou a nivel galego.

Por todo o anteriormente exposto, os grupos do BNG, PSdeG-PSOE e PP acordan levar ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Apoiar as demandas dos colectivos Anduxía, Os Galos e Liboreiro, e solicitar á

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.

ACTA DO PLENO  
Número: 2024-0009 Data: 19/08/2024

Cod. Validación: 7EYNZQR573X4M7LKSHDRKSZR  
Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 32







## Concello de Bueu

RF: PLN/2024/9-(SESIÓN ORDINARIA MES XULLO 2024)

*Autoridade Portuaria de Marín a desafección deste faro de cara á súa reconversión nun espazo museístico dos faros.*

**2.** *Dar traslado á Xunta de Galicia deste acordo plenario para que se comece cos trámites do faro como museo."*

Realizadas as actuacións anteriores, a presidencia declara aberto o debate.

Non producíndose intervencións, a presidencia somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a moción conxunta dos GPM do BNG, PP e PSdeG-PSOE para a musealización do faro de Ons, asinada o 01.07.2024 (2024-E-RPLN-28), co seguinte resultado:

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Logo do anterior, o pleno da corporación municipal, pola unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto dos cales son 08 do GPM do BNG, 07 votos do GPM do PP e, 01 do GPM do PSdeG-PSOE, acorda aprobar a moción conxunta dos GPM do BNG, PP e PSdeG-PSOE para a musealización do faro de Ons, asinada o 01.07.2024 (2024-E-RPLN-28), nos seguintes termos:**

- 1.** **Apoiar as demandas dos colectivos Anduxía, Os Galos e Liboreiro, e solicitar á Autoridade Portuaria de Marín a desafección deste faro de cara á súa reconversión nun espazo museístico dos faros.**
- 2.** **Dar traslado á Xunta de Galicia deste acordo plenario para que se comece cos trámites do faro como museo.**

### **A.1.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo, mobilidade segura e sostible e patrimonio municipal relativa á aprobación definitiva do estudo de detalle relativo ao reaxuste das aliñacións no ámbito do solo urbano non consolidado denominado "POL-12. Rúa Nova de Arriba. Cruce". Expediente 898/2023.**

Pola presidencia dáse conta da proposta do concelleiro delegado de urbanismo, mobilidade segura e sostible e patrimonio municipal relativa á aprobación definitiva do estudo de detalle relativo ao reaxuste das aliñacións no ámbito do solo urbano non consolidado denominado "POL-12. Rúa Nova de Arriba. Cruce", asinada o 04.06.2024, procedendo á lectura do resultado da votación do ditame da comisión informativa permanente de Asuntos Xerais celebrada o 24.06.2024, que de xeito literal di:

*".../... a presidencia somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a proposta do concelleiro delegado de urbanismo, mobilidade segura e sostible e patrimonio municipal relativa á aprobación definitiva do estudo de detalle relativo ao reaxuste das aliñacións no ámbito do solo urbano non consolidado denominado "POL-12. Rúa Nova de Arriba. Cruce", asinada o 04.06.2024, co seguinte resultado:*

- ✓ *Votos a Favor: 05 (04 do GPM do BNG e, 01 do GPM do PSdeG-PSOE).*
- ✓ *Votos en contra: Ningún.*
- ✓ *Abstencións: 04 do GPM do PP.*

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2024-0009 Data: 19/08/2024

Cod. Validación: 7EYXZQR873XAM7LKGDRKNSZR  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 32



**ANEXO II. Artigo de Celestino Pardellas de Blas. “O Faro de Ons: Un monumento cultural nunha importante acrópole. Revista Os Galos. Nº 18. 2024**

## **O Faro de Ons** **Un monumento cultural** **nunha importante acrópole**

*Celestino Pardellas de Blas*

Din que os primeiros Faros do mundo foron construídos polos gregos alá polo século V a. C., xurdiron pola necesidade de ampliar as rutas no comercio marítimo. As marcas que existían para unha navegación segura, quedábanse curtas e obsoletas, polo que comezaron a facer fogueiras en zonas elevadas con doada visualización e localización nocturna e, co fin de preservalas dos temporais, construíron armazóns que foron mellorando posteriormente. Co paso do tempo, colocáronlles cubertas reflectoras para incrementar a luz e que tiveran unha mellor visualización a longas distancias.

Das diferentes definicións de Faro podemos dicir que: *É unha cúpula que emite sinais luminosas, situada na costa, polo xeral en terra firme, para aviso costeiro a navegantes e que sigue un código descriptivo que o identifica. Para o seu mellor funcionamento, xurdiu o oficio de Fareiro.*

Pasaron os anos e esas Torres costeiras, despois de superar moitas historias, intrigas, crónicas, relatos ..., pero, sobre todo de servir, xunto cos Torreiros, para axuda á navegación, agora están a sufrir unha reconversión que sen deixar, polo momento, o seu labor e importantísimo servizo marítimo, ven como perden o calor humano que lles daba o Fareiro, e as súas instalacións pasan a reestruturarse para outros cometidos.

O motivo de tal reordenación é a modernización destes sinais que pasaron a ser automáticos e controlados desde as oficinas de Portos, sen esquecer nos dos actuais medios electrónicos de apoio á navegación de que dispoñen hoxe en día os barcos, polo

que a figura do Fareiro xa non é necesaria e polo tanto esas instalacións, agás a lanterna e algún espazo necesario para a maquinaria, convértense para a administración nuns edificios que polas súas características e situación, van a representar un elevado custo económico de mantemento que non están dispostos a asumir.



Faro de cabo Silleiro. Baiona. Un dos últimos en incorporarse a Faro hotel

Dende hai uns anos os Faros, polo menos os da costa galega, están a sufrir esa reorganización e podemos comprobar que todos tiran cara a hostalería e restauración. Esta nova vida para os Faros, pode ser unha saída sedutora e atraente, en especial, pola súa espectacular posición ao longo da costa, xa que están situados nos lugares máis impresionantes e sorprendentes do noso litoral, o que leva consigo un enorme atractivo e un embruxo que sería difícil de describir e que provoca un interese cara a eles e dalles unhas posibilidades turísticas extraordinarias, aínda sendo, en moitos casos, exiguos en espazo, o

que trae complicacións para a súa rendibilidade. De todos os Faros que se atopan ao longo da costa galega, temos que diferenciar os que están situados nas illas pois, aparte do encanto que xa teñen de por si, hai que sumarlle o feito de estaren emprazados nunha illa, o que provoca unha dobre fascinación e atractivo; e se aínda seguimos sumándolle que esa illa é parte integrante dun Parque Nacional, o embruxo convértese nun éxtase indescribible.



Foto cedida por F. Alonso Romero



O antigo Faro de Ons en 1867

Arquivo Autoridade Portuaria Marín-Pontevedra

### O FARO DA ILLA DE ONS


Sen entrar a comentar a súa historia e características, que podemos ler en centos de páxinas de internet, si imos buscar unha posible opción que evite a súa dedicación como espazo hostaleiro. En primeiro lugar, coidamos que Ons ten unha oferta hostaleira suficiente para o número de visitantes que permite o PRUX (Plan Reitor de Uso e Xestión), pois ten hostais con habitacións, apartamentos, cámping, un campamento xuvenil e, quizais en pouco tempo, algunhas das casas veciñais se podan converter en vivendas turísticas. Dentro da parte de restauración, conta con tres bares-restaurantes, que ben organizados en quendas de comida, tamén cobren a demanda diaria que poda xurdir.

É por iso que engadir un hostel ou restaurante a maiores no Faro, sería redundar demasiado nesta oferta, por iso, e tendo en conta que Ons é parte integrante do único Parque Nacional galego, que é unha illa habitada cunha importantísima historia que vén dende épocas paleolíticas, que conta cunha cultura popular única que se formou ao longo de dous séculos de total illamento que sufriron os seus habitantes, con aspectos naturais e medioambientais de considerable valor, cunhas características económicas

Pero, ollo!!!, non miramos os Faros do Parque Nacional convertidos en hoteis e restaurantes, sendo moitos os motivos que poderíamos esgrimir na contra deste uso. Como coidamos que algunhas destas illas xa teñen unha oferta turística respectable e ás outras non lle fai falla para non destruír o seu impresionante atractivo é polo que ofrecemos unha alternativa máis acorde coas características que ofrecen, e esta non é outra que a Oferta Cultural.

de interese representadas pola agricultura e, sobre todo, pola pesca, que posúe unha arquitectura popular mariñeira que foi considerada como a mellor conservada de todo o litoral galego,...., e que se converteu nos últimos anos nun atractivo turístico, o Faro pode representar e simbolizar un elemento arquitectónico que logre albergar no seu interior uns espazos de interpretación cultural sobre os Faros, os Fareiros, os Naufraxios da contorna..., e acoller unha Biblioteca e un espazo de traballo, estudo e investigación sobre todas as importantísimas características que esta Illa posúe.





(Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra).

Planta Baja

Plano do interior do Faro da Illa de Ons

O Faro de Ons, por mor da súa amplitude, podería acubillar unha parte museística sobre a temática dos **Faros e Fareiros** e tamén admitir, unha ou varias salas para informar, expoñer e relatar temas referentes á cultura mariñeira. Neste apartado tamén habería que destacar pola súa singularidade e fascinación..., pola curiosidade que provoca, por mor da súa historia, información, fotos, hemeroteca, vídeos, documentais, etc., os restos dos numerosos **Naufraxios** que tiveron lugar nas súas proximidades. Segundo o espazo dispoñible, tamén se podería ilustrar aos visitantes sobre a cultura económica-pesqueira da propia illa.

O importante é que o Faro de Ons, como recinto cultural, conteña, mostre e presente uns elementos diferenciadores, con respecto aos demais Museos do Mar que podemos atopar ao longo da costa galega, que provoquen un incentivo e interese cara el, que faga que a visita sexa obrigada para todas as persoas que cheguen á Illa de Ons.

É por iso que os catro elementos que propoñemos: Faros, fareiros, naufraxios e biblioteca-investigación, sexan un estímulo ideal para conseguir esa distinción, que co xa instaurado Centro de Visitantes no barrio de Curro onde se mostra a parte

natural, histórica, arqueolóxica e etnográfica da Illa, teremos un perfecto e harmónico conxunto cultural que aportará ao Parque Nacional das Illas Atlánticas un alto nivel interpretativo que o erguerá a ser un dos mellores de España.

Por dar unha ideas, a grandes trazos, sobre as posibilidades de exposición desas catro unidades culturais propostas para o Faro de Ons, comentaremos:

**Museo dos Faros:** Ata o ano 2023, nunha das salas do Faro de Ons, había expostos un bo número de aparellos relacionados co propio Faro da Illa e doutros das proximidades.



Algunhas das pezas que se exhibían no museo do Faro

Esos mesmos elementos, con outros novos que a Autoridade Portuaria pode aportar de diferentes puntos da ría de Pontevedra, xunto con paneis explicativos, fotos, mapas..., e, o que sería interesantísimo, unha recreación do funcionamento do sistema de petróleo que tivo o de Ons, máis todo aquilo que coiden conveniente os técnicos e que poden contribuir a unha mellor didáctica sobre os Faros, poderían dedicárselle unha ou varias salas.

Tamén sería interesante, axudado con fotos e planos que supoñemos terá a Autoridade Portuaria, expoñer os diferentes aspectos que tivo o Faro de Ons a través do tempo. Sen esquecermos de ir ampliando estas mostras con todo aquilo que posteriormente e segundo as investigacións que se fagan, se poidan ir aportando.

**Os Fareiros:** A parte humana do Faro é importantísima. Ao longo de case século e medio dende a súa inauguración, pasaron un bo número de Fareiros polas súas instalacións. Estamos seguros que existe moita documentación sobre eles na Autoridade Portuaria así como fotos, aparellos empregados, escritos, datos, diarios..., que nos poden achegar á humanización do Faro e con iso á vida dos torreiros que non debeu ser fácil nunha illa.

Neste sentido e tendo en conta que Ons, dende 1810, estivo habitada, o podelo ensinar e así conseguir comprender como sería a vida e a relación entre os fareiros e os veciños, sería moi instrutivo para profundar nas relacións humanas entre persoas cunha importante preparación, como eran os Fareiros, e os veciños que, por circunstancias da vida, o seu nivel cultural era moi baixo.

Sabemos, segundo contan os aunienses, que os fareiros en Ons, non só cumprían co seu labor profesional como técnicos de

mén chegaron a exercer de médicos, practicantes, psicólogos, mestres..., e ata de árbitros cando se organizaba algún partido.

**Naufraixios:** Ons está situada nunha zona marítima privilexiada para a navegación sendo unha das mellores entradas por mar cara ao continente, de aí que as súas augas, ao longo dos séculos, foran frecuentadas por todo tipo de embarcacións, dende comerciais ata pesqueiras, sen esquecermos das numerosas razzias que sufriron e que provocaron o seu abandono durante espazos máis ou menos prolongados de tempo.

Este considerable ir e vir de embarcacións, tendo en conta que tamén é unha zona de pesca importantísima e que conta con numerosos e perigosos baixos, provocou que houbera nas súas proximidades múltiples accidentes marítimos, moitos dos cales remataron en encallamentos, danos nas embarcacións, naufraxios e, o máis grave, perda de vidas humanas.

NOME	DATA	LUGAR	VÍTIMAS
<i>Barco de gran porte</i>	1596	Ons?	Máis de 40
<i>Francés</i>	1604	Ons	1
<i>Brilliant</i>	04-12-1799	Cercanías Ons?	?
<i>- Raposo</i> <i>- Alcudia</i>	?-?-1801	Cercanías de Ons?	?
<i>Vizcaya</i>	1884	Ons	
<i>San Andrés</i>	18-09-1886	Ons	?
<i>San Juan Bautista</i>	20-11-1893	Ons	5
<i>Manuel</i>	14-05-1894	Ons	1
(Un patache) ;	24-10-1900	Ons	1
<i>Carmen</i>	21-01-1918	Proximidades Ons	11
<i>Unión Pesquera</i>	1925	Ons	
<i>Pepita Sobral</i>	01-03-1928	Melide-Ons	0
<i>Constante</i>	17-10-1930	Melide-Ons	0
<i>Azaña</i>	¿-¿-1932	Ons - Sálvora	19
<i>Conde de Venadito</i>	16/06/1936	Cercanías de Ons	0
<i>Barsac</i>	09-01-1940	Onza	17
<i>Campos</i>	17-11-1942	Onza	21
<i>María Luisa</i>	10-11-1950	Onza	16
<i>Ciclope</i>	23-10-1952	Onza	7
<i>Santiago Cerviño</i>	18-11-1959	Onza	12
<i>General Mola</i>	23-12-1959	Freitosa-Ons	0
<i>Bella Otero</i>	05-08-1967	Onza	0
<i>Nuevo Maruja Costa</i>	31-10-1972	Ons	6
<i>Cordero González</i>	30-08-1975	Melide-Ons	0
<i>Soy de Ons</i>	¿-07-1979	Laxe do Crego-Ons	0
<i>Nuevo Virgen del Carmen</i>	17-02-1998	Onza	1

Naufraixios nas proximidades de Ons, moitos deles interesantes pecios para visitar e investigar



O submarino "General Mola" que encallou ao carón da Illa Freitosa, ao oeste de Ons.

Esta temática sería de grande interese para os visitantes, e se ademais se puidera contar con bo asesoramento de especialistas (Entre os que quero destacar aos Historiadores Navais: Lino J. Pazos Pérez e Yago Abilleira, así como ao "Club de Buceo Ons", que realizaron numerosas investigacións e mergullaron moitos pecios nas augas da Illa), serían de gran axuda á hora da montaxe sobre esta materia.



Veciños de Ons fronte ao faro en 1967

**Biblioteca e Espazo para Investigación:** O Parque Nacional, dende a súa creación, espertou unha importante tendencia investigadora sobre todos os aspectos destas illas. O Centro de Interpretación de Vigo, así como os diferentes Centros de Visitantes emprazados nas propias illas, ofrécenlle aos viaxeiros unha ampla oferta cultural.

Pero coidamos que fai falla unha boa Biblioteca, xeral no Centro de Interpretación de Vigo, e particular de cada illa nos Centros respectivos.

Ao seu carón, un espazo ben preparado e con material adecuado para permitir aos investigadores poder realizar pescudas e traballo de campo in situ.

Unha biblioteca especializada en todas as peculiaridades de cada illa, xunto aos elementos que acabamos de describir para a musealización do Faro de Ons, sería un importante atractivo que serviría de estímulo aos investigadores que queiran traballar sobre esta Illa.

Xa por último, non queremos esquecermos da figura dun *Técnico-Dinamizador* que sexa quen de poñer todo a andar e que saiba coordinarse perfectamente con todas as persoas e organismos que farían posible que tanto o Faro como o Centro de Visitantes sexan uns *Espazos Activos* que esperten fascinación por esta Illa, polas demais do Parque e pola cultural en xeral.



A torre do Faro ofrece vistas exclusivas sobre a Illa, a Ría e o mar